



galicianfilmforum.gal | galicianfilmforum@gmail.com | facebook.com/GalicianFilm | twitter.com/GalicianFF

NOTA DE PRENSA | 23 de novembro do 2016

'A raia', a fronteira entre Galicia e Portugal, protagoniza a quinta edición do Galician Film Forum

- **A Raia edition** celebrarase o venres 2 de decembro a partir das 19 h no King's College de Londres con entrada gratuíta
- O programa inclúe as obras *Mulleres da Raia*, de Diana Gonçalves, *A Raia*, de Iván Castiñeiras, e *Os salteadores*, de Abi Feijó
- As cintas proxectaranse no seu idioma orixinal con subtítulos en inglés

A fronteira entre Galicia e Portugal, o que se coñece como *a raia*, será o eixe temático da quinta edición do **Galician Film Forum (GFF)**, que terá lugar o vindeiro venres 2 de decembro na universidade King's College de Londres [19 h, Strand Campus, WC2R 2LS]. O programa do evento, titulado *A Raia edition*, inclúe as mediometraxes *Mulleres da Raia*, de Diana Gonçalves, e *A Raia*, de Iván Castiñeiras, e mais a curta de animación *Os salteadores*, de Abi Feijó. Tras a proxección, haberá un coloquio con Diana Gonçalves a través de videoconferencia.

As obras proxectaranse no seu idioma orixinal con subtítulos en inglés e o encontro celebrarase tanto en lingua galega como inglesa. A entrada é gratuíta pero é necesario reservala con antelación nesta [ligazón](#). Toda a información relativa ao evento pódese consultar na páxina web do GFF (galicianfilmforum.gal). Esta nova edición conta co apoio do King's College da capital británica e coa colaboración da Agência dá Curta Metragem de Portugal.

Por primeira vez o GFF proxectará obras de autores de fóra de Galicia, pero o obxectivo desta edición é amosar a pluralidade de visións que hai arredor dunha fronteira que une e separa ambos os dous territorios. *Mulleres da Raia* é un documental centrado nas historias de mulleres galegas e portuguesas que se dedicaban ao contrabando de produtos de primeira necesidade durante as ditaduras de Franco e Salazar. Nesa época a emigración dos homes deixou as súas mulleres soas a cargo dos fillos e das terras, abocadas a unha miseria que paliaban grazas ao contrabando.

Dende que Diana Gonçalves estreou *Mulleres da Raia* no 2009, a cinta recibiu numerosos galardóns, como un Mestre Mateo da Academia Galega do Audiovisual ao mellor documental (2009), o Premio Cinema Minhoto do Festival Filminho (2009), o Premio da Prensa ao Mellor Filme en Caminhos do Cinema Português (2009) e un accésit no Festival Internacional de Documental Etnográfico Espiello (2011).



galicianfilmforum.gal | galicianfilmforum@gmail.com | facebook.com/GalicianFilm | twitter.com/GalicianFF

O segundo dos títulos, **A Raia**, é unha curtametraxe documental protagonizada por Pepe, un ourensán de Tameirón, e por Fernando, da aldea de Casares, no Parque Natural de Montesinho. Ambos os dous traballaron xuntos case vinte anos e, tras a desaparición da fronteira, deixaron de verse. Esta obra de Iván Castiñeiras recibiu a Mención Especial 'Holds great promise for the future' dentro da sección oficial do Edimburgh International Film Festival (2013). Ademais, proxectouse en DocLisboa (2012), L'Alternativa (2013), Cineuropa Santiago de Compostela (2013), Playdoc (2014), Eslovenia Isola Cinema Film Festival (2014) e no Festival Etnográfico de Belmonte, Beira -Baixa de Portugal (2015).

Pola súa banda, **Os salteadores** é unha curta animada que adapta un conto homónimo de Jorge de Sena ambientado nos anos 40, cando tras a Guerra Civil Española moitos republicanos se refuxiaron nas montañas do norte de Portugal. Cuns vinte anos de vida, este traballo de Abi Feijó é considerado como un clásico dentro do cinema de animación portugués e entre os numerosos galardóns que atesoura destacan o premio Cidade de Espinho de Cinanima (1993), o Premio Especial do Xurado en Cartoon d'Or'94, a Espiga de Ouro de Valladolid (1994) ou unha Mención de Honra en Annecy (1995).

Sobre os directores

Diana Gonçalves (Tui, 1986) é licenciada en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Vigo. Ao longo da súa andaina profesional desenvolveu labores de produción e realización independente de documentais cinematográficos, entre os que figuran, amais de *Mulleres da raia*, *Retrato encontro* (2009), *Retrato memoria* (2010), *Retrato deriva* (2011), *Retrato paisaxe* (2012), *Retrato espello* (2013) e *Uma casa portuguesa* (en produción).

Iván Castiñeiras (Ourense, 1980) posúe unha formación multidisciplinar en historia da arte, cinema, son e dirección que acadou en centros de España, Portugal e Francia. Entre o 2006 e o 2011 traballou como director de son e na posprodución de obras de ficción e documentais. Na actualidade reside en Barcelona, onde compaxina a súa actividade *freelance* como director de fotografía e de son coa docencia na Escola Superior de Cinema i Audiovisuais de Catalunya (ESCAC) e na Escola Afilm. No seu currículo como director figuran *A Raia* (2012) e *Où est la jungle?* (2015).

Abi Feijó (Braga, Portugal, 1956) é unha das figuras máis representativas da animación portuguesa. En 1987 fundou o mítico estudio Filmógrafo, centrado na animación artesanal e que, ata o seu peche no 2002, desenvolveu un intenso labor que se materializou en medio cento de obras, moitas realizadas polo propio Feijó. A súa traxectoria profesional está marcada por máis de 40 galardóns internacionais que recoñecen o seu labor como director e produtor. A súa filmografía compóñena os títulos *Oh que calma* (1985), *A noite saiu á rúa* (1987), *Os salteadores* (1993), *Fado lusitano* (1995), *Clandestino* (2000) e *Nossa Senhora da Apresentação* (2015).




galicianfilmforum.gal | galicianfilmforum@gmail.com | [facebook.com/GalicianFilm](https://www.facebook.com/GalicianFilm) | twitter.com/GalicianFF

Galician Film Forum

O GFF naceu no 2015 no seo dun grupo de galegos emigrados a Londres co obxectivo de crear un espazo para a difusión do cinema galego na capital británica. A súa actividade artículase en tres eixes: como plataforma de exhibición, como observatorio da nova diáspora creativa audiovisual no Reino Unido e como espazo de reflexión sobre o cinema e a cultura galega en termos universais.

Entradas

<https://gffaraia.eventbrite.co.uk/>



CONTACTO DE PRENSA

Beatriz Pérez

Correo electrónico: galicianfilmforum@gmail.com

Teléfono: +44 (0)7548061870

Web: galicianfilmforum.gal

Facebook: [facebook.com/GalicianFilm](https://www.facebook.com/GalicianFilm)

Twitter: twitter.com/GalicianFF
